

Novos proxectos

Editorial Tempo Exterior, nº 8 primeira época

Despois de case dous anos de andaina con Tempo Exterior, consideramos chegado o momento de facer un alto no camiño para avaliar tanto a súa correspondencia cos obxectivos iniciais como o nivel de aceptación por parte dos lectores. Á marxe das análises e reflexións internas propiciadas dende a propia dirección do Instituto e da propia publicación, solicitabamos dos lectores un pronunciamento explícito sobre o seu interese por continuar recibindo cada tres meses esta humilde publicación; unha iniciativa, sen embargo, desgraciadamente excepcional no modesto panorama da análise internacional en Galicia.

¿Cal foi o nivel de resposta? Evidentemente nós sempre agardamos máis, pero cómpre sinalar que foron moitos os lectores que a través de diferentes medios nos animaron a continuar, a perseverar e a mellorar Tempo Exterior. Gracias a todos e a todas. O abano de respostas foi tan diverso coma o panel de entidades e individuos que a reciben: persoas do mundo da comunicación, organizacións non gobernamentais, colexios profesionais, sindicatos, partidos políticos, parlamentarios, representantes de todas as administracións públicas, universidades, centros de ensino medio, organismos similares doutras partes do Estado e tamén, claro está, dos nosos amigos de Portugal. Non hai un colectivo que sobresaia especialmente dos demais.

¿Suxestións? Algunhas. Dende ampliar a dimensión da edición para poder tratar máis temas ata incrementar a súa periodicidade. Somos da opinión de que aínda é cedo para ámbalas dúas cousas, tendo en conta, en primeiro lugar, a insuficiencia dos recursos económicos e, en segundo, a necesidade de perseverar máis (diversificando e ampliando o número de colaboradores e lectores) para podermos falar da súa consolidación.

Ao tempo que expresamos a nosa satisfacción por esa receptividade anunciamos a posta en marcha dun novo proxecto que pretende dar resposta a outra das peticións máis destacadas. Trátase da edición dun caderno monográfico sobre temas e conflitos de actualidade internacional que chamaremos Texturas. Nel procuraremos transcender a obrigada brevidade que nos imponen as oito páxinas de Tempo Exterior para afondar en asuntos de especial interese dende unha perspectiva informativa e analítica, proporcionando referencias útiles (dende recursos bibliográficos ata enderezos de Internet) para que os máis interesados teñan a oportunidade de pormenorizar.

Texturas sairá un mínimo de tres veces por ano e contará coa colaboración de protagonistas ou especialistas nas materias obxecto de estudio. A programación concertada para 1999 inclúe tres números: “As autonomías de

Escocia e do País de Gales, O Reino desunido”, “Pinochet e a impunidade en América Latina” e “Os conflitos de Oriente Próximo: unha aproximación”.

Tempo Exterior, Texturas ou a colección Pretextos Internacionais son iniciativas do IGADI que pretenden dar forma a esa preocupación nosa por divulgar a importancia e a transcendencia do factor exterior na sociedade contemporánea, inquietude presente dende a nosa constitución a finais de 1991, porque estimamos que en Galicia, a pesar de ser unha sociedade tradicionalmente aberta, existe un déficit de interese e de observación que nun mundo en cambio coma o actual debe ser superado canto antes. Agardamos seguir contando co apoio das institucións, públicas e privadas, para a continuidade ou posta en marcha destes proxectos. Pero, máis que nada, precisamos desa complicidade activa do lector que dende aquí reclamamos e, sobre todo, agradecemos.

Os primeiros pasos dun camiño longo e imprevisíbel

Fernando Pérez-Barreiro

O goberno laborista incluíu no discurso da Coroa da primeira lexislatura na que ía gozar da esmagadora maioría obtida nas eleccións de maio de 1997 a intención de proceder aos plebiscitos e á lexislación encamiñados á *devolution* de poderes a Escocia e o País de Gales. Revivía así o malfadado proxecto autonómico do anterior goberno laborista, proxecto que primeiro naufragou nos Comúns en 1977 e despois, ao intentar levalo por outra vía, a dos plebiscitos, e resultar estes negativos en 1979, foi ocasión, se non causa, da caída de Callaghan e o acceso de Thatcher ao poder. O motivo táctico do partido laborista para favorecer certa autonomía nesas dúas nacións do Reino Unido (o temor á presión en continuo aumento desde a década de 1960 dos partidos nacionalistas, e sobre todo do SNP en Escocia, que podía facerlle perder os votos escoceses que necesita sen remedio para gobernar en Londres) non parece que dese desta vez moita urxencia á inclusión do proxecto xa na primeira lexislatura do novo Parlamento. Tal vez fose para encaixalos nun proxecto de reforma constitucional do que forman parte tamén, nesta mesma primeira fase, a reforma da Cámara dos Lores, a institución dun alcalde electo do Gran Londres e as primeiras cuñas do sistema de representación proporcional, difícil de impor no Parlamento de Westminster, pero máis fácil nas novas Asembleas, por seren novas, e nas eleccións de deputados europeos, que non espertan grande interese político.

Os plebiscitos, o 11 de setembro de 1997 en Escocia e o 18 no País de Gales, deron resultados bastante convincentes en Escocia e moito menos en Gales. Cunha participación do 60,4 por cento en Escocia, votou a favor dun Parlamento escocés o 74,3 por cento. Había unha segunda pregunta, a de se o Parlamento habería de ter poderes fiscais, e a resposta foi afirmativa nun 63,5 por cento. No País de Gales a participación foi bastante menor: o 50,3 dos electores. Pronunciouse a favor dunha Asemblea Galesa o 50,12 por cento. Non había pregunta sobre poderes fiscais (a Asemblea de Gales non os vai ter).

Aberto o camiño cos plebiscitos, promulgáronse as leis en 1998, o 31 de xullo a do País de Gales e o 19 de novembro a da Escocia. Son leis ordinarias do Parlamento de Westminster. Ó non existir constitución escrita non hai tampouco ningún requisito nin nome especial para as disposicións de alcance constitucional. Recoñeceuse, con todo, o seu carácter especial en iren precedidas de plebiscitos. Levan nomes pouco expresivos: Government of Wales 1998 e Scotland Act 1998. Incluso podería pensarse, polo nome, que é máis impor-

tante ou substancial a de Gales, pero non é así, nin moito menos. O mesmo podería pensarse pola extensión, xa que a de Gales ten un volume moito máis respectábel cá de Escocia. E calquera das dúas e moito máis extensa ca ningún dos Estatutos da lexislación española.

Non hai exposición de motivos nin declaración de principios políticos. A linguaxe é de ton administrativo, mesmo cando se trata de cesión de parcelas do poder lexislativo. O termo *devolution*, que estaría mal traducido por “devolución”, é tamén moi administrativo; trátase de cesión ou transferencia, que non supón que quen a recibe tivese xa noutro tempo o que agora se lle dá. De certo que non ten o carácter radical de “autonomía”, pois non recoñece a espontaneidade do titular desta e insiste máis na iniciativa do cedente, que é a Raíña en Parlamento, é dicir, o poder central do Reino Unido. Aínda así, utilízase pouco ese termo nestas leis; case exclusivamente nos anexos ao tratar do aspecto técnico das transferencias e dos conflitos que poidan xurdir a ese respecto.

Hai que ter en conta, en primeiro lugar, que non naceron, como na Transición española, coa negociación e a fluidez, aínda que fose relativa, dun fenómeno constituínte ou semiconstituínte. Non son de Nova Planta. Non se trata de “café para todos”. Iso explica por que non hai transferencias de poder –polo de agora– a Cornualla, ou ao Norte da Inglaterra, ou a Inglaterra sen máis. Non se está reconsiderando a armazón constitucional do Reino Unido, senón atendendo a casos moi concretos de descentralización en resposta a unha situación político-electoral e sen referencias explícitas a dereitos históricos ou doutra clase. A técnica xurídica anglosaxona préstase admirablemente a ese enfoque. E estes textos son unha boa mostra desa técnica.

No institucional, o obxecto principal das dúas leis é a creación dunha Asemblea electa. Non hai que esquecer que as dúas nacionalidades, e sobre todo Escocia, tiñan xa un grao considerable de separación administrativa. Escocia conservou, despois da Unión de 1707, o seu sistema xurídico e xudicial –ben distinto do inglés e de base romana ou “continental”– e o seu sistema educativo, por exemplo, así como a función emisora do Banco de Escocia. Ademais, gran parte das funcións de goberno correspóndenlle ao secretario de Estado para Escocia, que é un ministro do Gabinete do Reino Unido, pero que, ata hai pouco na St Andrew's House de Edimburgo, e agora en Leith, barrio portuario incorporado á capital escocesa, ten un mini goberno, con mini ministerios, para aquela nacionalidade. O que sucedía ata agora é que non respondía a ningún control propiamente escocés, senón ao Parlamento de Westminster, onde respondía por ese conxunto o secretario de Gales. Isto non era moi democrático nin tampouco práctico, xa que o tempo e as oportunidades de escrutinio parlamentario dos asuntos escoceses eran moi limitados no atarefado Parlamento de Westminster. Unha situación semellante é a do País de Gales, aínda que o secretario de Estado para Gales é de creación máis recente, estableceuno

o Goberno laborista de Harold Wilson en 1965 e ten menos competencias có de Escocia. Reside en Cardiff. A preocupación democrática máis importante en Gales é a da proliferación de entidades paraestatais (os quangos), con atribucións importantes e integradas por designación administrativa. Transformar os quangos, suprimilos ou facelos responder ante a Asemblea é un dos aspectos que puido facer máis atractiva e necesaria a devolution no País de Gales. E a esa tarefa está dedicado gran parte do texto legal, que por iso é moito máis extenso có de Escocia.

Hai diferencias entre as dúas asembleas. A de Escocia chámase Parlamento Escocés; a do País de Gales, Asemblea Nacional Galesa (Cynulliad Cenedlaethol Cymraeg). A diferenza vai alén do nome: o Parlamento ten poder lexislativo nas materias da súa competencia; a Asemblea non ten máis que poder regulamentario (*secondary legislation*, como se di na técnica lexislativa). E probablemente tamén se pensou que os poderes fiscais –aínda que ben limitados– configuran a idea dun Parlamento.

Existe un poder executivo nos dous casos. Pero tamén aquí hai diferencias. O de Escocia é un Comité Executivo, presidido por un Ministro Principal (First Minister, para distinguilo do Prime Minister do Reino Unido), nomeado pola Raíña en condicións semellantes ás do Reino Unido. No País de Gales non se fala dun executivo, coma en Escocia, senón que simplemente se di que a Asemblea terá un Primeiro Secretario (Prif Ysgrifennyd y Cynulliad) que nomeará os Secretarios (Ysgrifennyddion y Cynulliad).

Seguirán existindo os secretarios de Estado para Escocia e para o País de Gales no Goberno do Reino Unido. A representación dos intereses das dúas nacionalidades a nivel do Reino Unido segue correspondéndolles. E tamén o inicio da lexislación reservada ao Parlamento de Westminster, no caso de Escocia, e de practicamente toda a lexislación “primaria” no caso galés. Este é un dos aspectos máis problemáticos do novo sistema e un dos que poden ser máis conflictivos –e fecundos– no desenvolvemento político. Por exemplo, vai suceder, seguramente, que a maioría do Parlamento ou da Asemblea, e xa que logo, o Executivo, nas nacionalidades sexa diferente ás veces da de Westminster, e que, por conseguinte, o secretario de Estado sexa do partido contrario ao que governe ou administre na nacionalidade “autónoma”. O sistema está pensado para unha colaboración estreita entre o Secretario e o correspondente órgano parlamentario, pero, por moita retórica de participación e consenso que se inxecte nese sistema, as cousas van ser moi distintas na práctica.

O cumio desta arquitectura constitucional será o chamado Consello das Illas, no que participarán tamén o Parlamento de Stormont, restaurado en Irlanda do Norte (fora suprimido en 1972) e o Goberno da República do Eire. Pero aquí é aínda máis difícil aterse aos textos legais e haberá que esperar o imprevisíbel curso dos acontecementos na política do día a día.

As eleccións para as novas asembleas faranse cunha combinación do tradicional sistema de maioría simple e o de representación proporcional. Haberá un deputado por distrito –o candidato que gañe por maioría simple– e deputados “adicionais” por cada rexión, electos por un sistema de listas de partido. Esas rexións son as mesmas que se crearon para as eleccións ao Parlamento Europeo. A data sinalada para as eleccións é a do 6 de maio de 1999.

As competencias varían entre Escocia e o País de Gales, e tamén o sistema de fixalas. En Escocia, seguramente por tratarse dun Parlamento, parece como se se partise de que este vai ter pleno poder lexislativo e, por iso, non se enumeran positivamente as competencias, senón as materias reservadas, que son moitas e ocupan a maior parte do articulado da Lei. En Gales prevese a transferencia de poderes nas esferas que agora dependen do secretario de Estado, co que se exclúe o poder lexislativo, pero non o regulamentario, e dedícase moita atención a regular con detalle a reorganización dos “quangos”. Os poderes fiscais do Parlamento escocés limítanse a poder aumentar, chegando a 3 peniques máis por libra, o tipo do imposto sobre a renda. A Asemblea de Gales non ten poderes fiscais. A masa dos recursos financeiros das dúas autonomías virá, coma agora, dunha transferencia en bloque procedente da facenda do Reino Unido.

Limitación das relacións exteriores

As relacións exteriores, igual cás cuestións de defensa e os asuntos constitucionais, seguen sendo competencia exclusiva do Goberno central. As leis dispoñen, por outra parte, unha especie de competencia “negativa”, no sentido de lles impor ás novas autoridades a obriga expresa de cumprir cos compromisos internacionais e a lexislación comunitaria na súa actividade lexislativa e executiva.

As asembleas poderán someter a exame os documentos e propostas normativas da Unión Europea desde o punto de vista das respectivas nacionalidades, pero a canle de comunicación coa UE segue sendo o respectivo secretario de Estado do Reino Unido.

Como o Parlamento escocés ten poderes lexislativos, establécese que, cando sexa necesaria lexislación nacional para aplicar obrigas comunitarias, poderá promulgar esa lexislación por si ou aprobar a que vaia dictar o Goberno do Reino Unido. Sempre que se trate, por suposto, de materias non reservadas ao Goberno central.

A idea é que os ministros da Escocia e os secretarios do País de Gales, participen, aconsellen e asistan a reunións sobre cuestións que lles poidan afectar na fase de determinación da política que haxa de adoptar a Gran Bretaña. Pero a delegación en Bruxelas é só unha: a do Reino Unido; e unha vez que a polí-

tica sexa adoptada, os representantes autonómicos terán que apoiala, tanto en termos políticos como técnicos (proporcionando información, estatísticas, etc). Cabe a posibilidade de que, en certos casos, sexa o ministro competente de Escocia o que interveña no nome do Reino Unido en debates dos órganos das Comunidades, pero sempre por delegación expresa.

Está previsto na Lei que os ministros da Escocia teñan un despacho en Bruxelas, para prestar esas funcións auxiliares e de apoio á representación británica. A decisión sobre se se establece ou non ese despacho terá que tomarse despois das eleccións de maio. Pero os dous principais candidatos a Ministro Principal, Donald Dewar do Partido Laborista, e Alex Salmond do Nacionalista, anunciaron xa que o establecerían. Tamén a Asemblea do País de Gales poderá decidir, unha vez constituída, cál será a forma da súa presenza en Bruxelas, pero está claro que, calquera que sexa, non terá tampouco acceso directo á Comunidade.

Falta por ver aínda como intervirán as asembleas na designación dos membros do Comité das Rexións.

O Goberno parece ter a intención de transferir máis adiante á Asemblea do País de Gales algunhas das funcións que agora ten exclusivamente o secretario de Estado canto aos Fondos Estructurais da UE. Trataríase de que, mediante un arranxo coa Comisión Europea, fose a Asemblea a que determinase as prioridades de aplicación dos fondos destinados a Gales, e os pormenores desa aplicación. Fálase tamén de que nese proceso poderían participar os “participantes asociados” da Asemblea. Esta idea de “asociación” ou *partnership* desempeña un papel importante no proxecto autonómico galés, e consistiría nunha serie de acordos coa Administración local, o sector privado, a Administración central, etc. É un dos aspectos máis borrosos do sistema e responde á ideoloxía do novo laborismo.

O que está por vir

Tanto na esfera das relacións internacionais coma en todo o demais, a descentralización vai ter consecuencias que irán alén dos textos legais. Ábrense dous novos escenarios para o drama da política diaria. A forza do SNP, o Partido Nacionalista de Escocia, crea a posibilidade de que chegue a formar o primeiro goberno de Escocia, só ou aliado cos liberais (que esixirían con certeza limitacións da reivindicación independentista) e garántelle, en todo caso, o papel de oposición eficaz no novo Parlamento. A debilidade dos Toris escoceses é tradicional. No País de Gales, o *Plaid Cymru* non é comparábel ao nacionalismo escocés –e iso explica, en parte, a debilidade da autonomía galesa–, pero o Partido Laborista, que moi probablemente terá maioría na Asemblea, ten problemas internos moi graves. A imposición, por parte de Tony Blair, do

candidato a Primeiro Secretario, que é o actual secretario de Estado para Gales, Alun Michael, pasando por riba da popularidade de Rhodri Morgan, foi feita á maneira do vello laborismo, acudindo ao voto en bloque dos sindicatos, e contradí abertamente as promesas de novo estilo e de apertura e democracia do Primeiro Ministro. Foi este un primeiro exemplo do desenvolvemento imprevisto que pode ter, para os partidos e para a política do Reino Unido, a vía autonomista que con tanta timidez se inicia agora. Están en xogo en todo este experimento constitucional moitos elementos que tal vez cheguen a ser importantes na configuración da futura política nacional, europea e mundial.

Fernando Pérez-Barreiro reside en Londres e colabora co IGADI.

Sáhara Occidental: Declaración sobre a aplicación do Plan de Paz

Tempo Exterior

A Federación de Asociacións de Defensa e Promoción dos Dereitos Humanos (Estatuto consultivo especial ante o ECOSOC-ONU), a Asociación para as Nacións Unidas en España, Cáritas Española, Institut de Drets Humans de Catalunya, Instituto de Estudios Políticos para América Latina e África (IEPALA), Justicia y Paz, Liga Española pro Dereitos Humanos, Movemento pola Paz, o Desarme e a Liberdade, Paz e Cooperación e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, asinaron, entre outros, unha Declaración Pública sobre a aplicación do Plan de Paz para o Sáhara Occidental na que se manifesta a preocupación e se condenan as violacións dos dereitos humanos, comezando polo dereito á libre determinación, das que están sendo obxecto os saharauís e o pobo saharauí en canto tal, ó tempo que queren chamar a atención sobre os seguintes feitos:

1) A MINURSO puido rematar a maior parte do seu cometido identificando xa a 147.000 persoas (dúas veces o número de persoas do censo español) que, conforme ós acordos de Houston, debían ser convocadas pola Comisión de Identificación; sen embargo, neste proceso de identificación, deixouse fóra ós milleiros de inmigrantes saharauís que non teñen a súa situación regularizada, que viven fundamentalmente en España e Francia, e que non tiveron tampouco acceso á Comisión de Identificación. De manterse o actual estado de cousas, non poderían exercer o seu dereito ó voto.

2) En canto á liberdade de circulación e acceso ó territorio ocupado, o Goberno marroquí restrinxe o libre acceso ó territorio ocupado impedindo a visita ó mesmo de personalidades e diplomáticos... As restricións impostas por Marrocos á liberdade de circulación minan considerablemente a transparencia do proceso e poñen en perigo os resultados mesmos do referendo. Resulta preocupante o feito de que Marrocos consiga impoñerlle estas prácticas con éxito á propia ONU. Expresamos pois a nosa desaprobación pola falta de garantías á poboación saharauí para poder expresarse, circular e exercer libremente o seu dereito inalienable á libre determinación e á independencia, de conformidade cos principios enunciados na Carta das Nacións Unidas e na resolución 1514 (XV) da Asemblea Xeral, de 14 de decembro de 1960, na que figura a Declaración sobre a concesión da independencia ós países e pobos coloniais.

3) En canto ó retorno dos refuxiados, Marrocos negouse a facilitarlle á Policía Civil de MINURSO as informacións pertinentes para permitir, en

condicións de seguridade, o retorno destes. Á súa vez, dende o inicio do conflito en 1973, todas as partes implicadas colocaron minas en todas as zonas do Sáhara Occidental. Neste aspecto, constatouse igualmente a escasa cooperación marroquí coas unidades de desminado, confiscando durante varios meses no aeroporto de El Aaiún os equipos de comunicación das Unidades de Suecia e Paquistán (países con efectivos que suman 181 homes dos 468 cos que conta a MINURSO na actualidade) provocando o atraso da súa tarefa que debería rematar en outubro de 1998. Expresamos pois a nosa preocupación polo feito de que o desminado é parcial e unicamente se procederá á eliminación de minas nalgunhas fendas dos muros de defensa marroquí e nas zonas de acollida dos refuxiados saharauís, o que supón un perigo constante e unha presión psicolóxica para os participantes no referendo. Hai que ter en conta que a singularidade do terreo, abondoso en dunas, non garante que as zonas limpas sexan completamente seguras.

4) En canto á situación dos dereitos humanos, persisten as graves violacións ós mesmos nas zonas ocupadas do Sáhara Occidental por parte das forzas de seguridade marroquís, en contra dos Tratados internacionais subscritos polo Reino de Marrocos e a pesar da presenza das Nacións Unidas no territorio dende 1991.

Estas violacións tradúcense nunha represión violenta sobre a totalidade da poboación civil saharauí, que se atopa sometida a un aparato represivo de máis de 250.000 axentes marroquís. A pesar da presenza da MINURSO, persisten os asasinatos, as detencións arbitrarias, as torturas e as condenas violando as normas do debido proceso. Continúase sen noticias dos centos de desaparecidos e presos políticos...

Na actualidade, a monarquía marroquí, de carácter absoluto, está desenvolvendo unha campaña de lavado de cara baseada sobre todo na intención de Hassan II de acabar coas violacións de dereitos humanos e a apertura do seu goberno. O Consello Consultivo de Dereitos Humanos, organismo creado polo rei para dar esa imaxe de apertura, anunciou a liberación de 28 presos políticos e o recoñecemento da morte de 70 desaparecidos marroquís nos anos sesenta e setenta. Pero a realidade é que o caixón acaba de abrirse, posto que a cuestión de centos de presos e desaparecidos saharauís segue a ser tema tabú.

Á vista desta situación, queremos chamar a atención:

a) Sobre a necesidade de que os centos de desaparecidos saharauís, incluído o caso de Mohamed Basiri baixo responsabilidade do Goberno español, satisfagan o seu dereito á verdade, a xustiza e a reparación e de que as vítimas de tortura e tratos crueis, inhumanos e degradantes se vexan tamén recompensadas. Para iso os autores das violacións deben ser identificados e postos a disposición da xustiza para así esixirlles a súa responsabilidade conforme a dereito.

b) Sobre o feito de que a creación dun clima de confianza e serenidade necesarios para o desenvolvemento dun referendo libre e o respecto ós instrumentos internacionais de dereitos humanos e ó dereito internacional humanitario requiren a liberación de todos os presos e desaparecidos saharauís, a creación dunha comisión de investigación independente sobre as graves violacións dos dereitos humanos exercidas polas partes en conflito e o xuízo ós autores das mesmas.

5) Consideramos, ante a continuidade dos diferentes aparatos represivos, que as garantías para un referendo libre deben pasar polo afastamento dos servicios e órganos do Estado marroquí responsables de graves violacións dos dereitos humanos no Sáhara Occidental, particularmente, o Exército marroquí, a Dirección de Vixilancia do Territorio, a Policía Xudicial, a Xendarmería Real e as Compañías Móviles de Intervención. Estes corpos son os responsables de máis do 90% das detencións efectuadas no Sáhara Occidental.

6) Así mesmo, consideramos reprobable a pasiva conducta da comunidade internacional, e moi especialmente do Estado español, dada a súa responsabilidade histórica, cara ó pobo saharauí, e insistimos en que a única vía para o establecemento da paz e da seguridade no Sáhara Occidental consiste na pronta celebración do referendo de autodeterminación. Neste sentido, o Estado español debería promover activamente dita celebración; mesmo se se ten en conta a oposición activa de Marrocos –non soamente non existe ata o momento ningún español na MINURSO, senón que tampouco o Goberno español amosou interese no envío de observadores cualificados á zona–, respectando e apoiando en todo momento o dereito do pobo saharauí á libre determinación.

7) Na súa última xira á rexión do conflito, que culminou coa visita ós campamentos de refuxiados e Alxeria, do 30 de novembro ó 2 de decembro de 1998, o secretario xeral da ONU, Koffi Annan, puido constatar que a Fronte Polisaria acepta claramente o Plan de Paz, o que implica que o único obstáculo para que o pobo saharauí goce plenamente do seu dereito á autodeterminación, de conformidade co dereito internacional, constitúeo o Reino de Marrocos, que persiste en obstaculizar os esforzos da comunidade internacional para chegar a unha solución pacífica e duradeira.

O “X” da operación Cóndor

Laudelino Pellitero

O mediático e prolífico xuíz Garzón adoita utilizar, como sistema de traballo, un virtual organigrama no que vai colocando as xerarquías e vínculos entre os compoñentes das heteroxéneas tramas que investiga: terroristas, narcotraficantes, xenocidas, etc; no cumio sitúa o enigmático “X” que lle dá coherencia á hipótese.

O seus esforzos diríxense, neste momento, a desentrañar a Operación Cóndor, na que durante as décadas dos 70 e 80 se planificou de xeito coordinado a sistemática limpeza das oposicións ás xuntas militares que gobernaban o Cono Sur.

O papel estelar da coordinación, da cirúrxica acción, asumíuno o golpista Pinochet, quen dirixiu a conexión da axuda mutua entre réximes militares, para se desfacer dos opositores e para se erixir no primeiro gran vencedor do comunismo, antes da caída do muro de Berlín.

Os documentos secretos desclasificados hai dous meses nos EUA, polos que suspira Garzón e sobre os que 36 congresistas demócratas presionan para que se lle entreguen ao xuíz, apuntan directamente a Pinochet, con probas que o implican claramente no xenocidio.

Por moi alto no organigrama que estea o xeneral, tal como denominan os xornais chilenos ao senador vitalicio, aínda queda un último chanzo para chegar ó “X”. Enriba, coa discreción de quen non se sente obxecto da atención do mundo, está o goberno republicano de Richard Nixon, e o eficaz Henry Kissinger, que lle deron instrucións á CIA para que tomase as medidas tendentes a impedir a chegada ao poder dos socialistas. Cando as urnas lexitimaron no poder a Allende a orde foi máis concisa e fría: “Salvade Chile”.

Dende a atalaia norteamericana banalizouse posteriormente a dictadura, mentres galopaba a súa americanización, mesmo cunha maior presenza do inglés no sistema educativo. Na nova perspectiva había que esquecerse dos Andes e proxectarse cara ao norte. A economía fíxose paseniñamente cada vez máis dependente dos intereses dos estadounidenses.

Á sombra da “pax romana, manum militaris” afluíron abondosos recursos financeiros, provenientes en boa parte do lavado dos narco-dólares, para investir en empresas nas que as reivindicacións sobre as condicións de traballo ou de salarios eran atenazadas polo medo. A florecente economía do país valeulle o alcume de “O Xaguar” de Latinoamérica.

Quizais por todo isto o Goberno de Washinton non se atope demasiado incómodo co deterioro das relacións entre Chile e Europa, xa que nos últimos anos amosábase preocupado pola marxe de autonomía que estaba a aca-

dar o Mercosur, co que Chile e Bolivia asinaron un acordo marco o 1 de xaneiro de 1995.

Esta área comercial emerxente, dotada de personalidade xurídica internacional, fechou un tratado comercial coa Unión Europea que inaugurou a cooperación formal entre dúas unións aduaneiras, por primeira vez na historia. Neste contexto, W. Clinton non dubida en reactivar vellos litixios en sudamérica, ao propoñer a Arxentina un estatuto de aliado excepcional provocando, posiblemente, unha carreira de armamento no Cono Sur polas desconfianzaas espertadas en Chile e Brasil.

Se se pretende consolidar un espacio económico de libre comercio en toda América a partir do 2005, non veñen nada mal as novas tensións e desconfianzaas mutuas destapadas polo apoio chileno á coroa Británica na guerra das Malvinas, nin as últimas tensións entre dous membros da Unión Europea cun aliado cualificado do Mercosur.

Laudelino Pellitero é membro do IGADI.

Conciencia atlántica

Xulio Ríos

Cómprenos unha nova mirada do Atlántico. Agora que podemos percibir con maior inmediatez a irreversibilidade dese proceso de ampliación da Unión Europea que vai acentuar, inexorablemente, a nosa condición periférica, é fundamental ser conscientes de que unha das variables esenciais para vertebrar a participación de Galicia en Europa consiste no aproveitamento máximo das estruturas comunitarias vinculadas ás dinámicas rexionais. Pode ser un excelente instrumento para gañar peso político, para mitigar a condición periférica e para activar sinerxías que repercutan positivamente no desenvolvemento de Galicia.

Urxe converter esta inmensa fronteira co océano nun recurso e nunha potencialidade que impulse a nosa modernización e o progreso. De Portugal a Irlanda, pasando polo Reino Unido e Francia, non resulta complexo identificar preocupacións e aspiracións compartidas, constatar problemas derivados dunha identidade común en moitos aspectos. ¿Que falla? Falla a capacidade de comunicación, de entendemento e de intercambio entre os diversos territorios atlánticos. Todos miramos a Bruxelas ou ás capitais dos respectivos Estados, pero non existe unha comunicación horizontal o suficientemente intensa como para establecer un grupo de influencia con capacidade suficiente para reivindicar e dinamizar iniciativas e proxectos de interese común.

Limitado “per se” na súa formulación, o Eixo Atlántico pode activar estratexias nun marco xeográfico e institucional reducido, se ben profundar nel podería servir para intensificar as relacións de Galicia e do Norte de Portugal. Pero, agora que Galicia ostenta a presidencia do Buró, é necesario apostar por un salto cualitativo na dinámica do Arco Atlántico, enchendo de contidos o seu discurso, desterrando a idea de que é unha parafernalia administrativa máis, pouco operativa e ineficiente. Hai que crer no Arco Atlántico. E iso significa descubrir as súas posibilidades e interiorizar un cambio de conducta.

Esa nova mirada debe xurdir dos sectores económicos e sociais, das institucións, das entidades máis dinámicas e abertas ós escenarios exteriores, pero tamén debe, necesariamente, impregnar o conxunto da cidadanía. Soamente dese xeito poderá operar esa toma de conciencia sobre a franxa xeográfica e cultural na que nos asentamos. É o cambio indispensable que precede a calquera outra transformación. Cómpre anegar de conciencia atlántica a política local, galega e europea dos axentes sociais.

Xulio Ríos é director do IGADI.